

XORNADA ONLINE

Como pode contribuír a propiedade industrial a unha mellor comercialización do teu produto

 Organiza: CIS Tecnoloxía e Deseño

 Data: 31 Outubro

 Horario: de 09:20 a 11:30

O CIS Tecnoloxía e Deseño da Axencia Galega de Innovación (GAIN), dentro das súas actividades enmarcadas na rede Enterprise Europe Network, organiza o **Ciclo Formativo sobre Vixilancia Tecnolóxica 2023** que ten como obxectivo axudar ás empresas galegas a adaptarse ao novo contexto empresarial, un escenario altamente competitivo e en constante cambio.

Esta xornada aborda como a propiedade industrial pode ser un factor clave para o desenvolvemento das organizacións, ao permitir-lles protexer a súa actividade innovadora, materializada en novos produtos, procedementos ou deseños, mediante a explotación e uso en exclusiva dos seus produtos e servizos. O fin último da propiedade industrial non é a protección en si mesma, senón rendibilizar o investimento e obter beneficios.

Neste obradoiro analízase como a propiedade industrial contribúe a mellorar a comercialización dun produto, por exemplo en termos de identificación da competencia, selección de mercados emerxentes e detección de novas oportunidades comerciais.

Descobre todo o que a propiedade industrial pode facer polo teu negocio!

PROGRAMA

09:20 h - 09:30 h

- Presentación a cargo de María José Mariño Fontenla, Directora de Área de Centros de GAIN

09:30 h - 11:20 h

- Valorización da propiedade industrial
- Implantación de fórmulas de protección complementarias: contratos e vixilancia da competencia
- Análise de oportunidade e risco
- Como complementar a propiedade industrial do proxecto: análise da propiedade industrial propietaria e análise de adquisición
- Aproximación ao valor da propiedade industrial: métodos para calcular o valor dun intanxible
- Determinación do potencial comercial dunha tecnoloxía: identificación de competencia e colaboracións, identificación de mercados (obsoletos e emerxentes), localización de redes de inventores e outros aspectos de interese

11:20 h - 11:30 h

- Rogos e preguntas

Inscripción gratuíta

Relator

Sergio Larreina

Director de Consultoría Estratéxica en **ISERN Patentes e Marcas**.

Anteriormente foi Director de Consultoría Tecnolóxica en **PONS Patentes e Marcas** e Director Corporativo de Intelixencia Tecnolóxica en **Clarke, Modet & Co**.

É docente habitual en materia de Intelixencia Competitiva e Propiedade Industrial en relevantes universidades e escolas de negocio.



AXENCIA
GALEGA DE
INNOVACIÓN

feuga

fundación
empresa
universidad
gallega

